

## **INSTRUCCIÓN 1/2018 RELATIVA Á CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA DO PARLAMENTO DE GALICIA**

O venres 9 de marzo entra en vigor a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, á que a Administración do Parlamento de Galicia, conforme ao establecido a disposición adicional cuadraxésima cuarta, debe axustar a súa contratación administrativa.

Conforme ao establecido no seu articulado, a planificación da contratación administrativa convertese nun elemento nuclear dos principios de eficiencia e de transparencia, articulada a través da elaboración dun plan de contratación que debe ser obxecto anticipadamente de información previa ao abeiro do previsto no artigo 134 da LCSP.

Esta planificación permitiranos, ademais, preparar e programar adecuadamente os nosos procedementos de contratación, mellorando a tramitación dos nosos expedientes, e anticipar problemas e retrasos na súa xestión.

Para estes efectos, comunícase que as distintas unidades administrativas do Parlamento deberán proceder á elaboración dunha relación exhaustiva (conforme ao modelo de anexo que se achega) da contratación prevista para cada ano, que debe incluír todas as necesidades que se prevén ter que satisfacer e consecuentemente os procedementos de contratación que será necesario tramitar, calquera que sexa a súa contía, incluídos, por tanto, os que previsiblemente se deban tramitar como contrato menor.

A relación debe incluír a necesidade que se pretende satisfacer, o obxecto do contrato, un importe meramente estimativo, e data aproximada na que será necesario dispoñer da obra, servizo ou subministración obxecto do contrato, co fin de poder organizar axeitadamente o correspondente procedemento de contratación.

Para este ano 2018, a relación debe ser remitida a esta Oficialía Maior antes do 30 de marzo, e antes do 15 de outubro deberá remitirse a relación estimada de contratos para o período anual 2019 ou demais períodos plurianuais.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2018.

RELACIÓN DE CONTRATACIONES PREVISTAS PARA O ANO \_\_\_\_\_

Obxecto do contrato	Necesidade que cómpre satisfacer	Orzamento estimado	Data prevista na que será necesaria a prestación